EXPEDIENTE 2025/G010/000006. PLENO SESIÓN ORDINARIA 10 DE ABRIL DE 2025.

ACTA Nº 2025/07

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 10 de abril de 2025

Hora de comezo: 21.01 horas

Hora de remate: 22.26 horas

PRESIDE:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000004. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 13 de marzo de 2025. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2025/G010/000005. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 26 de marzo de 2025. Aprobación da acta da sesión.

II PARTE DE CONTROL

3 EXPEDIENTE 2025/G006/000087. Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de marzo e o 6 de abril de 2025. Toma de razón.

4 Mocións.

4.1. Moción do Grupo Municipal do BNG para Moción BNG para retirar a declaración PIE e denegar o proxecto Cobre San Rafael.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4.2. Moción do Grupo Municipal do BNG para o asfaltado de toda a Ponte de Remesquide.

5 Rogos e preguntas.

De seguindo trátanse

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000004. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 13 DE MARZO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

13.02.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 13 de marzo de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2025/G010/000005. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 26 DE MARZO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

26.03.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 26 de marzo de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, comenta que hai un erro material porque me asignan a portavocía do BNG.

O secretario-interventor pide desculpas polo erro.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

II PARTE DE CONTROL

3 EXPEDIENTE 2025/G006/000087. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 10 DE MARZO E O 6 DE ABRIL DE 2025. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de marzo e o 6 de abril de 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de marzo e o 6 de abrilde 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000073	EXPEDIENTE 2025/G010/000004. Pleno sesión ordinaria 13 de marzo de 2025. Convocatoria.	73/2025	10-03-2025
2025/G003/000075	EXPEDIENTE 2025/G003/000075 Anulación recibo taxa recollida lixo exercicio 2024	74/2025	12-03-2025
2025/G003/000074	EXPEDIENTE 2025/G003/000074 Alta de servizo de axuda no fogar por dependencia.	75/2025	12-03-2025
2025/G003/000077	EXPEDIENTE 2025/S002/000016. Modificación de Servizo Axuda no Fogar	76/2025	12-03-2025
2025/G003/000076	EXPEDIENTE 2025/I002/000002. Expediente de reposición da legalidade urbanística dunhas obras de recheo con materiais procedentes de restos de escombros e demolicións nas parcelas número 332 e 333 do polígono 4 da Zona de concentración parcelaria de Monte de San Miguel de Vilar	77/2025	12-03-2025
2025/G003/000078	EXPEDIENTE 2025/G007/000003. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 14 de marzo de 2025	78/2025	13-03-2025
2025/G003/000079	EXPEDIENTE 2025/S002/000017 Alta de servizo de axuda no fogar libre concorrencia.	79/2025	14-03-2025
2025/G003/000080	EXPEDIENTE 2025/G003/000080 Decreto pago taxa por actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía correspondente á obra Mellora da conectividade natural na contorna de Fonte Díaz (Touro).	80/2025	19-03-2025
2025/G003/000081	EXPEDIENTE 2025/T002/000001. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Financiamento de persoal técnico nos servizos municipais de igualdade de xénero e de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2025.	81/2025	19-03-2025
2025/G003/000082	EXPEDIENTE 2025/G003/000082. Cristina Andújar Garrido.	82/2025	21-03-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	Recoñecemento de produtividade (mes de marzo 2025)		
2025/G003/000083	EXPEDIENTE 2025/S002/000019. Baixa Servizo Axuda no Fogar dependencia.	83/2025	21-03-2025
2025/G003/000085	EXPEDIENTE 2025/G003/000085. Horas extraordinarias realizadas fora da xornada laboral marzo 2025.	84/2025	24-03-2025
2025/G003/000084	EXPEDIENTE 2025/G003/000084. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de marzo de 2025	85/2025	24-03-2025
2025/G003/000086	EXPEDIENTE 2025/A08/000028. Subvencións destinadas a concellos para a instalación de sistemas de depuración autónomos no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU300B). Solicitude subvención.	86/2025	24-03-2025
2025/G003/000087	EXPEDIENTE 2025/E001/000002. Aprobación convocatoria e Bases de selección para a contratación de persoal dun/ha técnico/a informador/a turístico/a.	87/2025	25-03-2025
2025/G003/000088	EXPEDIENTE 2025/A008/000029. Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal [Plan concertado] durante o exercicio económico de 2025. Solicitude de transferencia finalista para o seu cofinanciamento.	88/2025	26-03-2025
2025/G003/000089	EXPEDIENTE 2025/S002/000018 Alta de servizo de axuda no fogar libre concorrencia.	89/2025	26-03-2025
2025/G003/000092	EXPEDIENTE 2025/X999/000021. Aprobación nóminas marzo 2025.	90/2025	28-03-2025
2025/G003/000093	EXPEDIENTE 2025/V006/000002. Solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	91/2025	31-03-2025
2025/G003/000091	EXPEDIENTE 2025/A08/000006. Bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña para 2025. Solicitude de proposta de programación.	92/2025	31-03-2025
2025/G003/000094	EXPEDIENTE 2025/V006/000002. Solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	93/2025	01-04-2025
2025/G003/000096	EXPEDIENTE 2025/G003/000069. Liquidación copago usuarios SAF febreiro	94/2025	02-04-2025
2025/G003/000095	EXPEDIENTE 2025/A008/000027. Subvención da Xunta de Galicia para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G). Solicitude.	95/2025	02-04-2025
2025/G003/000097	EXPEDIENTE 2025/T002/000002. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvención mellora infraestruturas turísticas.	96/2025	04-04-2025
2025/G003/000098	EXPEDIENTE 2025/G003/000098 Baixa Servizo Axuda no Fogar dependencia.	97/2025	04-04-2025

O pleno dase por enterado.

4 MOCIÓNS.

4.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA MOCIÓN BNG PARA RETIRAR A DECLARACIÓN PIE E DENEGAR O PROXECTO COBRE SAN RAFAEL.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción co seguinte contido:

En xuño de 2024 a Xunta declara PIE o "proxecto cobre San Rafael" para a reapertura da mina de Touro. En novembro dese mesmo ano o proxecto é sometido a exposición pública, evidenciándose que estabamos ante o mesmo proxecto o que provocou un forte rexeitamento social contra o que se presentaron arredor de dez mil alegacións. Un dos argumentos recorrentes que utiliza a promotora é o de que este proxecto vai permitir a restauración da contaminación causada pola anterior explotación e que dura corenta anos. Argumento xa utilizado no ano 2017 cando se se presentou por primeira vez este proxecto e que sen embargo foi xa rexeitado no ano 2020 pola DIA negativa motivada polas afeccións ambientais que xeraría.

Naquela altura o Sr. Conselleiro de Industria manifestou en sede parlamentaria que se lle ía obrigar á empresa propietaria dos terreos e da concesión mineira, a que presentase un plan de restauración integral dos terreos e augas afectados pola explotación abandonada nos anos oitenta.

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Con estes antecedentes, a semana pasada foi a fiscalía a que solicitou para os administradores da empresa propietaria da mina de cobre Touro e O Pino dous anos de cárcere e inhabilitación especial para exercer actividades mineiras e extractivas por ser acusados dun delito contra o medio ambiente.

Na súa acusación a fiscalía declara que "dos vastos territorios da mina saen lixiviados con condicións de extrema acidez, elevada condutividade e alto contido en ferro e cobre" así como que resultou constatada a presenza de elementos disoltos (amonio, Co, Cu, Ni, Al ou Zn) en valores que superan os límites de referencia aceptables constituíndo un caso típico de escorrentía ácida de mina".

Así mesmo O ministerio público tamén sinala que os acusados desenvolveron un proxecto de drenaxe da balsa de Vieiro sen que conste que a depuradora que figura no proxecto chegue a extraer os metais.

Estamos por tanto ante unhas acusacións e unha solicitude de condena por delito fiscal que, salvando a presunción de inocencia, deixa ben as claras o que se ven denunciando dende fai décadas e é que a empresa non resolveu o problema anterior nin hai ningunha garantía de que o vaia facer.

Así mesmo que a fiscalía solicite para os responsables desta empresa cárcere e inhabilitación especial para o exercicio de calquera actividade relacionada con proxectos mineiros e extractivos é un argumento tan contundente e inapelable que, en coherencia, non queda outra que desestimar xa definitivamente o proxecto mineiro. Proxecto no que esta mercantil é o socio maioritario.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Solicitar á Xunta de Galicia que revoque a súa decisión do 24 de xuño de 2024 pola que se declaraba proxecto industrial estratéxico o proxecto Cobre San Rafael.

2. Solicitar ao órgano ambiental a declaración de Impacto ambiental negativa a este proxecto dado a gravidade das acusación por delito ambiental a empresa propietaria dos terreos e promotora do novo proxecto mineiro.

3. Instar ao goberno galego a que obrigue á empresa a que presente un plan de recuperación integral dos terreos e das augas afectados pola explotación anterior.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que a postura do Grupo Municipal Popular e xa coñecida e os argumentos para apoiar este proxecto de reapertura da mina tamén, estamos todos de acordo no tema da contaminación da mina, leva corenta anos contaminado, non só como consecuencia da paralización do proxecto anterior da mina, senón como consecuencia doutras actividades realizadas sen control, un dos argumentos polo que nos apoiamos o proxecto é porque contempla erradicar o problema da contaminación producida, aparte da creación de riqueza e de emprego. Entendemos que esta denuncia da Fiscalía, non afecta para nada o proxecto de reapertura da mina, ao contrario o proxecto contempla erradicar eses temas de contaminación, si esto non se contemplase, a solución a contaminación, os órganos competentes non autorizarían ese proxecto, os informes sectoriais dos distintos departamentos non poderían autorizar. Polo que non estamos de acordo coas propostas de acordo porque é reiterar basicamente acordos que xa se adoptaron neste aquí neste pleno polo que votariamos en contra desta Moción, non porque non sexa certa a denuncia e os temas de contaminación que si estamos de acordo en que si os hai, precisamente por iso porque o proxecto de reapertura é única forma de solucionar os problemas de contaminación.

O outro día nunha intervención relativa a este tema o señor alcalde decíanos que a restauración da mina estaba contemplada nun programa de restauración de terreos afectados en toda Galicia, pero o que non decía era quen ía financiar esa restauración, que só se podería facer fronte, non nos enganemos cun proxecto da embergadura como o da reapertura da mina. Por outro lado o voceiro do BNG dicía de esixirlle á empresa o plan de restauración, non nos enganemos e pecar de inxenuos, a empresa non pon os cartos para evitar a contaminación non o vai a facer para restaurar, a única alternativa real sería que a Xunta expropiase os terreos, hai que ser realistas, en corenta anos nadie tomou en serio o tema de obrigarlle a restaurar eses terreos, ningunha administración, empezando

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

polo propio Concello, entendo que non ten moito sentido que se non se fai con ese proxecto se vai a facer. Podemos opoñernos ao proxecto, si, pero non enganar á xente, non se van a restaurar os terreos e segirán eternamente así se non se leva a cabo o proxecto.

O Concelleiro non adscrito Darío Rei, di que está de acordo con todos os puntos do compañeiro do BNG e propón unha engádeda á Moción, un cuarto punto, que tería como finalidade que o Concello se persoase en todas as causas nas que o Concello é interesado, neste caso, o Concello ten competencias en Medio Ambiente, e que se persone co obxectivo de que poña todos os recursos económicos a disposición desas causas para actuar no caso de que se requiran informes periciais.

O voceiro do BNG, di que está de acordo coa proposta de que o Concello de persone na causa e incluiría como punto cuarto. Dúas cousas ao compañeiro do PP, a cuestión do plan de restauración que é imposible, ou vamos para adiante ou para atrás, cara un medioambiente sostible ou voltar ao século XIX que parece que é a onde nos quere levar quen goberna na Xunta, a minería que se pretende levar a cabo aquí, do século pasado ou anterior. Decirlle a empresa fai negocio e restaura, iso non o podo aceptar. E logo a cuestión de que nunca ninguén fixo nada pola restauración, eu podo comprarche o argumento en parte, hai xente que leva feito moito moitos anos, outra cousa é que cambiou, que cambiou a sensibilidade da sociedade nestas cuestións, é certo que nunca se tomou o asunto en serio, claro que non, nin dende o Concello nin dende a Xunta nin dende o Estado, pero por sorte cambiou un pouco a sensibilidade cara estos temas, e se algo trouxo de positivo o proxecto da mina do 2017 foi que levantou esa sensibilidade incluído o do propio Ministerio Fiscal, xa que por unha vez a xustiza se adapta aos tempos temos que acompañala, o que está claro e que este modelo de desenvolvemento mira cara atrás e a restauración correspóndelle a quen fixo negocio.

O Sr. alcalde di que centrándose na Moción, claramente hai que diferenciar os procedementos xudiciais, penal neste caso, do que son as tramitacións administrativas e do que son as decisións e o debate político. O goberno non pode aceptar esta Moción e a Corporación debería telo en conta en canto a que na fundamentación o que expón son informacións xornalísticas, o punto tres non pero os outros dous puntos están fundamentados nunha información xornalística ata onde este alcalde e este Concello sabe, estase na fase final da instrución, é secreta, ninguén de nós ten acceso aos documentos dese procedemento, ditouse auto para que as acusacións formulan escrito de calificación do delito e polo tanto esas cuestións son só coñecidas polas partes, onde nin o Concello nin o BNG é parte. Certezas non hai ningunha, documentos, informes loxicamente non se poden aportar. Foi iniciado pola Fiscalía a instancia dunha Asociación de Touro e durante o proceso de instrución dende o 2019 ao 2025 persoáronse outras asociacións e algún Grupo parlamentario do Congreso de Madrid, o resto é información xornalística. O que si pediría e que se o que realmente queremos é que se depuren responsabilidades, e no seu caso penais, pola contaminación, pediría que non se faga un mal uso do procedemento xudicial, no senso de utilizalo como unha ferramenta política, pois pode perxudicar o bo fin do procedemento. Polo que estamos de acordo coa parte da moción que non fai referencia á información xornalística, si se manteñen os dous primeiros parágrafos e se suprimen os demais referidos a esa información xornalística, co cal mantemos o acordo do punto tres que é *instar ao goberno galego a que obrigue á empresa a que presente un plan de recuperación integral dos terreos e das augas afectados pola explotación anterior,* estamos absolutamente de acordo porque ven en consonancia co que expón no parágrafo dous de que no seu día o Conselleiro de Industria manifestou en sede parlamentaria que se lle ía requerir á empresa eses traballos; non podemos avalar, nin tratar de fundamentar nin de contaminar ese procedemento xudicial.

O voceiro do BNG, sr Xoan Louzao, di que non sabe se é a persoa a que está falando agora como alcalde é a mesma que hai dous anos estaba na oposición, se é a mesma, ten un problema ciclotímico, eso que acaba de dicir diríao hai dous anos o señor Codesido, firmaría o cento po cento do que acaba de dicir vostede. Cousas curiosas como que un filtración periodística vai a contaminar e a perxudicar o procedemento xudicial, como chiste non está mal, como realidade é patético. O mellor e escoitalo a vostede, poñer unha gravación de hai dous anos e que cada quen saque as súas consecuencias. O problema que hai de fondo é que vostede cambiou de postura, non lle é cómodo este asunto, pero non queira embarrar ao resto, a nosa posición foi sempre a mesma. Xa o fixo cando a Xunta declarara o proxecto como Plan Industrial Estratéxico, presentou o BNG que se recurrira eso e a resposta foi que non había base legal, queren neste asunto agachar a cabeza, evidentemente eu a Moción non a vou cambiar, debe ser a quinta Moción respecto a este asunto da Mina, nós non estamos mezclando nada, estamos basándonos nun argumento máis, nas tres cousas que se piden

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

onde se fala de cuestións xudiciais, vostede vote o que queira pero non nos veña aquí con estas historias.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo di que facer fincapé no que acaba de dicir o compañeiro do BNG, a postura do alcalde é moi difícil de explicar, trata de manter un equilibrio imposible. Nadie nesta mesa dudamos que nos terreos da mina se produce contaminación, incluso para os que estamos a favor do proxecto, é evidente, independientemente do recorrido que teña a denuncia. Levamos comprobado ao longo de todos estes anos, dase por suposto que toda a contaminación das dúas cuncas é debida a paralización do proxecto anterior da mina, e non é certo, fixéronse un montón de movemento de terras, que acabaron perxudicando ao rio Lañas que cando pechou a mina nin sequera estaba contaminado, xa sei que dicir esto agora moita xente dirá como, pero é certo no ano 86 o rio Lañas e o regato Portapego non tiña contaminación, se ignoramos eses feitos non vemos realmente cal é a realidade do problema, a cal é que só se pode solucionar cun proxecto desta embergadura, cal é a alternativa a este proxecto de minería, aparte de pechala e non explotar esa riqueza; e se se fai unha declaración positiva de impacto ambiental é porque o proxecto cumpre a normativa vixente; se lle restamos credibilidade a todo o entramado institucional apaga e vamos. Sen entender a postura do Sr. alcalde, porque esta en contra e non está, mantemos a mesma postura a favor do proxecto.

O Concelleiro non adscrito, Sr. Darío Rey, di que insiste na súa emenda, non falei de ningunha nova xornalística, simplemente falei de que o Concello de persone e que o Concello poña os recursos para a defensa do seu propio medio.

O Sr. alcalde di que están de acordo no punto catro de persoarse nos procedementos xudiciais, pero insisto os puntos un e dous da Moción relativos a unha información xornalística, pois decaen, o punto segundo xa o solicitou o alcalde por decreto baseado en informes rigurosos hai meses, non baseado nunha información xornalística que fala dunha serie de acusacións. Sorprende que quen está personada cala como ten que ser.

O Sr. Louzao, voceiro do BNG, recibe unha chamada a orde por intervir sen ter o turno de palabra.

O Sr. alcalde di que ninguén discute a contaminación, fundamenta a Moción non na contaminación, senón nunha información xornalística sobre un procedemento xudicial, sobre o cal as partes non dixeron nin pío. Sorpréndeme, que esas asociacións non presenten unha moción ante o Pleno, non o fixeron porque non o poden facer, porque a instrución é secreta.

Respecto do punto un é unha decisión política contra a que no cabe recurso.

Que trae de novo esta Moción o punto tres *instar ao goberno galego a que obrigue á empresa a que presente un plan de recuperación integral dos terreos e das augas afectados pola explotación anterior.* O punto engadido de que o Concello se persoe nos procedementos xudiciais abertos sobre este asunto estamos de acordo. Vostede decide.

O Voceiro do BNG lee os tres puntos da Moción.

1. Solicitar á Xunta de Galicia que revoque a súa decisión do 24 de xuño de 2024 pola que se declaraba proxecto industrial estratéxico o proxecto Cobre San Rafael.

2. Solicitar ao órgano ambiental a declaración de Impacto ambiental negativa a este proxecto dado a gravidade das acusación por delito ambiental a empresa propietaria dos terreos e promotora do novo proxecto mineiro.

3. Instar ao goberno galego a que obrigue á empresa a que presente un plan de recuperación integral dos terreos e das augas afectados pola explotación anterior.

Engadímoslle un cuarto, o Concello se personará nos procedementos abertos, acepto esta emenda.

Se se queren votar os catro puntos ben e senón tamén.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción resultando rexeitada, por dous votos a favor (Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito) e nove votos en contra (cinco Concelleiros do PP, tres concelleiros de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

MVXT e o Concelleiro do PG), sendo once o número legal de membros da Corporación.

4.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O ASFALTADO DE TODA A PONTE REMESQUIDE.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción co seguinte contido:

O pasado mes de marzo o concello de Vila de Cruces asaltaba a ponte Remesquide sobre o río Ulla. Por parte dese concello só se procedeu a asfaltar unha parte da ponte por considerar que a titularidade era compartida co concello de Touro e lle correspondía a este asfaltar a outra parte.

Segundo algunha información, o Sr. alcalde de Vila de Cruces púxose en contacto co goberno municipal de Touro para proporlle que fora o concello de Vila de Cruces o que asfaltara a totalidade da ponte, aproveitando que estaba alí a maquinaria, e que o concello de Touro asumira a parte que lle correspode do custo da obra.

Non sabemos se o concello de Vila de Cruces fixo esta xestión, ou se polo contrario foi o concello de Touro o que fixo caso omiso desta solicitude ou considera que a ponte non é da súa competencia. O que si sabemos é que unha parte da ponte está asfaltada e outra non. E que a mesma tamén presta servizo aos veciños e veciñas de Touro.

Sexa como fora, a realidade é que estamos ante unha situación esperpéntica resultado dunha falta da máis mínima coordinación e de capacidade de xestión entre os dous concellos.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- O concello de Touro determinará a quen corresponde a titularidade da calzada sobre a Ponte Remesquide e, en consecuencia, a quen corresponde o seu arranxo.

2.- No caso de que sexa cotitular o concello de Touro, proceder ao asfaltado da parte pendente da mesma e, no suposto de que a titularidade sexa só do concello de Vila de Cruces, comunicarllo ao mesmo e solicitarlle o asfaltado da parte restante.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que antes de pasar a valorar a Moción, quere que o Sr. alcalde explique todas as xestións que se fixeron en relación con este proxecto do Concello de Vila de Cruces, se se puxeron en contacto con vostede, se non chegaron a acordo, se se propuxo algún tipo de Convenio para financiar conxuntamente, porque nós non temos ningunha dúbida da cotitularidade da ponte, recordo cando se fixo un Convenio entre a Xunta, o Concello de Vila de Cruces e o Concello de Touro. Antes de valorar este tema vou a esperar a que o Sr. alcalde nos explique todas as xestións que se fixeron.

O Sr. alcalde, di que unha semana antes de executarse esas obras, houbo unha reunión entre o alcalde e concelleiro de obras de Vila de Cruces e o alcalde e concelleiro de obras de Touro, unha mañá na Ponte de Remesquide. Por parte do concello de Vila de Cruces presentóusenos un orzamento, a proposta que se traía naquel momento non nos pareceu a mellor, quedamos a espera de consultar cos técnicos de obras do Concello e ca empresa que elaborou o orzamento, que por certo na reunión nos estaba a empresa. Pola tarde chamáronme veciños de San Tomé de Obra que había unha raia pintada na metade da ponte. Trasladounos a urxencia de facer esa obra, era unha reclamación dos veciños, parece ser que tamén era unha promesa electoral, eso si me consta porque fará un ano que o presidente da asociación de veciños de San Tomé de Obra púxose en varias ocasións en contacto comigo para ver se o alcalde de Vila de Cruces traslada algunha proposta. Trasladounos a necesidade de arranxar sobre todo a parte que se arranxou onde tiña as fochancas, o resto da ponte non está perfecta, pero está aceptable, máis ou menos como están o resto das vías. Días despois, xustamente o víspera de executar as obras, trasladounos que tiña alí as máquinas e que ía executar esa parte que estaba máis necesitada.

Logo, parece ser que esa cuestión foi leveda ao Pleno de Vila de Cruces, púxose en contacto comigo o presidente da asociación de veciños de San Tomé de Obra, loxicamente non lle dou traslado do que se falou na reunión, pero si o que acabo de contar aquí. Con posterioridade ao pleno tamén me chamou un grupo político da oposición, concretamente o PP para que dese explicación de cal for a a situación.

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Efectivamente hai unha necesidade de aclarar a titularidade desta ponte e de a quen lle corresponde o mantemento. Hai que distinguir entre unha cotitularidade ou titularidade compartida que sería sobre a totalidade do ben, ou que cada metade da ponte teña un titular. Fíxose mención naquela reunión por parte do alcalde de Vila de Cruces que no Catastro divide a titularidade e consultadas as titularidades catastrais a parte do Concello de Touro está asentado sobre dominio público hidráulico e a ponte en concreto do lado de Touro ten titularidade descoñecida.

O me contaron que dixo o alcalde de Cruces no pleno dista do que se falou na reunión, pero non vou entrar nesas cuestións, falará loxicamente para a súa parroquia nos términos que lle pareza, pero non vou revelar as conversas da reunión por sacarme asuntos de enriba.

Salimos coa idea de que temos que concretar esa titularidade e proceder ao mantemento da ponte como corresponda, e estamos de acordo coa moción, e estamos traballando nese senso.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao pregunta se se lle presentou unha proposta por escrito.

O alcalde resposta que se lle presentou un orzamento dunha empresa por uns traballos de aglomerado. Non vou citar o importe porque, non nos deron copia e perecer ser que no pleno se deron cifras distintas. Foi unha cuestión verbal. Esa ponte aparte do pavimento ten un problema de apozamento da auga, uns sumidoiros moi pequenos que non desaugan, é unha problemática que non vai resolver o pavimentado. Quedou de ver solucións que fosen factibles. Faláronse doutras cuestións, que trasladaron aquí dende San Tomé de Obra como a posibilidade de dar servizo de fibra óptica dende o Concello de Touro e parece ser que o alcalde de Vila de Cruces non estaba sabido desa demanda dos veciños cara o Concello de Touro e loxicamente trasladóuselle a vontade e facilidades do Concello de Touro para dar servizo de fibra.

O Sr. Louzao di, non vai dicir a cantidade, se o alcalde de Vila de Cruces dixo unha cifra e vostede di outra non pasa nada, eu vou crer a que di vostede eu non escoitei o que dixo o alcalde das Cruces.

O Sr. Reboredo González, voceiro do PP, di que para que podamos valorar razonablemente a decisión adoptada pola alcaldía e polo concelleiro de obras de non aceptar ese presuposto, temos que ter unha estimación aproximada, porque senón pode resultar caprichosa a decisión, creo que merecemos esa información para saber se foi razonable ou non desistir de non aceptar ese orzamento.

O Sr. alcalde di que está adiantándose e argumentando unha situación que non é certa, é dicir, hai discrepancias máis alá do orzamento, hai discrepancias na titularidade que hai que aclarar, discrepancias na solución construtiva. De feito non sabemos sequera se hai autorizacións sectoriais, non hai un proxecto, unha memoria valorada mínima, non nos constan as autorizacións. Falouse da problemática dos apozamentos e a solución non é fácil. Por parte do alcalde de Vila de Cruces decidiu arranxala de motu propio dun día para outro, é a súa decisión, non vou entrar en máis cuestións, prefiro ser prudente e contar ata onde se pode contar nas negociacións.

O Sr. Reboredo González pregunta se xa se iniciaron as xestións para aclarar a titularidade.

O Sr. alcalde di que consultamos a titularidade catastral porque era no que se baseaba Vila de Cruces.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Por urxencia foi presentada unha Moción polo Grupo Municipal do Partido Popular, instando o Sr. alcalde a que xustifique a urxencia.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que un puoco continuidade da preguntas formuladas nos último plenos ordinarios sobre a presentación do presupuesto, a negativa do Sr. alcalde a formar o proxecto de presupostos presentalo ao pleno da Corporación tal e como establece a Lei de Facendas Locais.

O Sr. alcalde di cal é o motivo da urxencia.

O voceiro do PP, resposta que nin faría falla xustificala porque estamos a día 10z de abril e tiña que habelo presentado antes do 15 de outubro do ano pasado, estamos sen presupuesto e probablemente no mes de xuño ou xullo varias das partidas do orzamento prorrogado de 2022 estarán esgotadas e terá que traer expedientes de modificación de crédito.

O Sr. alcalde di porque non se presentou antes da convocatoria?

O Sr. Reboredo González, respota que non lle deu tempo a facela antes da convocatoria e tampouco sabía sen ver a convocatoria, se o Sr. alcalde ía a incluír o proxecto de presuposto.

O Sr. alcalde di que o sabe, porque ten que ir a Comisión informativa previamente; polo que fundamente a urxencia de porque non se presentou en prazo e non pode esperar ao pleno seguinte.

O voceiro do PP, di que non pode esperar ao Pleno seguinte, é que xa non tiñamos que estar aquí, tiñamos que ter o orzamento aprobado a 31 de decembro, como está claro que o Sr. alcalde non ten a máis mínima intención de tramitar o presupuesto, penso que cada vez é máis urxente esa necesidade, o noso grupo polo menos non vai apoiar expedientes de modificación de crédito sobre o orzamento prorrogado e iso vai levar á paralización dalgúns servizos municipais, ese é o motivo da urxencia, a necesidade urxente de que o Concello conte cun orzamento aprobado.

O Sr. alcalde di que unha cousa é a necesidade da moción e outra a urxencia; pero ímolo votar e ímolo votar a favor.

Procedeuse á votación da urxencia, sendo ratificada a urxencia pola unanimidade dos once Concelleiros que conforma a Corporación.

O Sr. alcalde di que incluímos a Moción na orde do Día.

4.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTO PARA 2025.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Reboredo González, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción co seguinte contido:

MOCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTO PARA 2025, que presenta o grupo municipal do Partido Popular, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión por urxencia na orde do día do pleno ordinario do 10 de abril de 2025:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 168 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais di que o presidente da Corporación formará o proxecto de orzamento xeral e remitirao ao Pleno antes do 15 de outubro de cada ano, para a súa aprobación, emenda ou devolución.

O señor Alcalde ven incumprindo con esta obriga nos dous últimos anos, polo que o Concello segue funcionando co orzamento prorrogado do exercicio 2022, co desfase que isto supón nas distintas partidas orzamentarias, xa que os gastos increméntanse e chegaremos a metade do exercicio coa maioría das partidas esgotadas.

Non se trata só de cumprir coas normas, senón de evitar a parálise da administración municipal por falta de crédito para manter os distintos servizos municipais.

PROPOSTA DE ACORDO:

- Instar ao señor Alcalde a formar e presentar ao Pleno o proxecto de orzamento para o exercicio 2025, co fin de evitar os prexuízos de xestionar os servizos municipais cun orzamento totalmente

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

desfasado.

Vou aproveitar a introdución desta Moción para aclarar algo que considero moi importante que é o fucionamento da Corporación, no apartado de control das sesión do Pleno dicindo que onte remitiúseme a notificación dun recurso de reposición, nos fundamentos polo que se resolve o recurso presentado contra o decreto polo que o sr. alcalde aprobou o Plan Provincial 2025, eu manifestaba que a Corporación había manifestado claramente a vontade de participar no Plan Provincial, un acordo por sete votos a favor e ningún en contra, ese rea un dos fundamentos do meu recurso de reposición e agora contéstaseme facendo unhas disquisicións legais tremendas sobre se as mocións son ou non son dispositivas, porque entre cousas se presentan no apartado de control da convocatoria, fálase da distinción entre o concepto de Moción do artigo 46.2 da Lei de Bases de Réxime Local e o que establece O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico; ven a decir que todas as Mocións que se propoñen na parte de control de convocatoria, eu deduzco, aínda non tiven tempo de estudiala a fondo, pero deduzco que eses acordos non teñen valor dispositivo conforme a doctrina desta desestimación. Fálase incluso dunha Recomendación do Valedor do Pobo que si realmente cree nela o Sr. alcalde pode propoñer a elaboración dun Regulamento Orgánico onde se diga que Mocións van a ter carácter dispositivo, cales simplemente expositivas ou de control, teño a dúbida de que esta Moción que acabamos de presentar non serva para nada, se realmente e efectiva a teoría de vostedes que me transmiten aquí pois non tería valor dispositivo, esa é a teoría de vostedes que xa se verá a onde chega, hai que ser imaxinativos para chegar a este razoamento. O Regulamento de Organización di que hai varias formas de manifestar a voluntad política das Corporacións mediante acordos, ditames de comisións informativas, propostas de resolución, Mocións; pero o fundamental non é o método para chegar ao acordo, o fundamental é o acordo; vostede non impugnou en ningún momento os acordos que se adoptaron nese Pleno e non debería permitido adoptar ese acordo se non se axustaba á legalidade, porque levaba catro ou cinco puntos dispositivos clarísimos. Eu entendo que este informe a favor de obra para xustificar a actuación posterior do sr. alcalde, non lle dou máis valor que ese e espero que o acordo da Moción de hoxe teña carácter dispositivo e o sr. alcalde faga caso del.

O outro día contestábame o alcalde sobre unha pregunta que formulamos sobre a tramitación do presuposto, que porque tiñamos nos interés no orzamento municipal, eu non salgo do meu asombro de que se me faga esa pregunta, de que se conte cun orzamento actualizado non só por motivos legais senón tamén por motivos prácticos na xestión municipal. Non entendo que un alcalde que está inagurando o seu cargo nesta lexislatura, non aspire a ter un presupuesto propio, sería elemental, xa por motivos de que se van a agotar as partidas para financiar grande parte dos servizos municipais na segunda parte do ano senón porque se quere levar a cabo o seu programa e os seus proxectos, polo menos atreverse a traer a proposta e logo xa se verá se conta coa vontade maioritaria da Corporación ou non. A pesar de que teño as miñas suspicacias, quería saber cal é o motivo real polo que o Sr. alcalde se nega a traer o presupuesto ao Pleno da Corporación.

O Sr. Xoan Louzao, voceiro do BNG, di que está evidentemente de acordo, o orzamento é o documento máis importante que elabora un goberno e de feito é a plasmación na práctica do ideario político dun goberno, cal é o modelo de Concello que quere un goberno. Se un goberno quere cambiar cousas como en principio se lle presupoñía a este goberno, ten evidentemente que tentar elaboralos, e dificultoso aprobalos pola composición cuantitativa do Pleno, elaboralos polo menos, e non facelo é unha deixadez absoluta.

O Sr. alcalde di que o concelleiro do PP, saliuse do punto da orde do día, pero leva case dous anos de concelleiro e como se non se enterase cal é a orde dos plenos, por moitas voltas que lle dea as mocións coa parte expositiva e toda esa historia, neste pleno a partir do punto dous neste pleno acabouse a parte resolutiva; todo o demais é parte de control. Non me consta ningún acordo adoptado na parte resolutiva que non se cumprise e respecto o punto que estamos a debater, o goberno non se nega para nada a elaborar un proxecto de orzamentos e sometelo a consultas previas e logo a debate e aprobación do Pleno, previa Comisión; polo tanto esta Moción é máis un rogo que unha moción, polo que tomamos nota.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, respecto a que si os asuntos están na parte dispositiva ou na parte de control, unha das argumentacións que se me traslada na desestimación do recurso de reposición é a recomendación feita polo Valedor do Pobo e di que se estableza regulamentariamente a forma de tramitar as Mocións para que entren na parte dispositiva e máis dice esa recomendación que os grupos municipais precisen, de xeito claro, nos seus escritos de presentación de mocións, se son resolutorias –ao abeiro do artigo 97.3, que no noso caso creo que quedaba claro que se facía ao abeiro deste artigo, ou en relación co 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) ou ao abeiro do artigo 46.2.e) da LRBRL que si fala de Mocións no apartado de control. Como nos diciamos claramente iso, no noso escrito estaba claramente precisado, entendo que non hai ningunha duda sobre que os acordos eran dispositivos, se o sr. alcalde non quere cumprir os acordos que se adoptan, e négase a respetar a regla básica da democracia de aceptar a vontade maioritaria da Corporación, independentemente do que figure escrito ou non nas leis. A norma básica da democracia é respetar a vontade da maioría e diríalle que se executaron varios acordos adoptados na parte de control, propostos por mocións; entón decide caprichosamente o alcalde cales se executan e cales non. Como non teño ningunha dúbida sobre isto e xa veremos que facemos con esta desestimación deste recurso. Xa llo anticipei e espero que os demais grupos tomen note que non imos apoiar ningunha modificación de crédito sobre o orzamento prorrogado de 2022.

O sr alcalde di que segue ca súa do que e resolutivo do que é parte de control; as mocións e o que traslada o goberno no pleno directamente é que son enriquecedoras; a realidade é que isto que imos votar, a marxe da vontade expresada por uns e outros, o resultado da votación é irrelevante.

O sr. Reboredo, voceiro do PP, di que está de acordo porque non respeta a vontade da maioría.

O sr. alcalde di que na práctica é irrelevante, se o goberno o quere tomar en consideración, tómao se non non, iso é así.

Respecto ao regulamento cónstame que hai elaborado un, no presentado e non aprobado, non ten este alcalde traelo tal cual está para a súa aprobación. Seguramente o voceiro do PP o coñece, seguramente si, recórdolle entre outras cousas recolle que os grupos da oposición teñen dous minutos no primeiro turno de exposición e de un minuto no segundo.

O voceiro do PP, sr. Reboredo di que o traia ao Pleno que xa o emendaremos.

O sr. alcalde di que fala de emendalo non de aprobalo, foi elaborado polo anterior goberno.

O sr. Reboredo González di que igual que emendaremos o presupuesto.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción, que resultou aprobada pola maioría absoluta por sete votos a favor (5 concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito) e catro abstencións (3 concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG), sendo once o número legal de membros da Corporación.

5 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que como continuación da última intervención súa sobre o Reglamento, pois voulle a propoñer ao alcalde, a parte de que traia ao Pleno unha proposta de regulamento orgánico traia tamén, e que vostede estivo demanadando na anterior lexislatura continuamente, traiganos unha regulamento de participación cidadá, para canalizar e fomentar a participación do vecindario dende os debates nos plenos ata outras cuestións da administración municipal.

O Sr. Reboredo González, voceiro do PP, realiza as seguintes preguntas.

1. No pasado pleno tanto no ordinario como no extraordinario, tratamos do asunto do incumprimento do contrato da asistencia técnico urbanística pola empresa, pregúntolle hoxe se xa iniciou o expediente de imposición de penalidades polo retraso no cumprimento dese contrato.

2. Xa a formulamos nalgúns plenos anteriores, na administración municipal vense utilizando con frecuencia o sistema de propostas de gasto para aprobar determinadas obras pequenas e servizos; esas propostas deberían rematar sempre cunha resolución aprobatoria da alcaldía e dese xeito nos coñeceriamos a través da dación de conta dos decretos, da súa tramitación, dos seus presupostos.

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

xa o propuxeramos e non se tivo en conta, incluso propuxemos, para non recargar a tramitación administrativa que se dera conta na Xunta de Goberno, para que as puideramos coñecer a través das actas da Xunta de Goberno. Pregunto, porque todavía se segue sen ter en conta esa nosa petición, unha de dúas ou se aproban por resolución de alcaldía como sería o precepto legal, ou se queren simplificar den conta na Xunta de Goberno das propostas aprobadas e así teriamos coñecemento todos os membros da Corporación, a pregunta é porque non se fai, porque é de pura normativa.

3. Na acta da Xunta de Goberno do pasado día vinte e catro de febreiro figuran a aprobación entre outros dos seguintes contratos menores: confección de nóminas, comunicación institucional e mantemento informático, con motivo da aprobación destes mesmos contratos o pasado ano tamén no mes de febreiro formulámoslle unha pregunta de porque se estaba procedendo a un encadenamento de contratos menores, contestoume que non tiña claro se ía a continuar coa prestación do servizo, vemos que aparece outra vez, encadenando contratos menores, cando sabe que por lei non se poden encadenar contratos menores, temos que supoñer que se se fai así é porque se pretende obviar o sistema do procedemento aberto. Unha vez díxonos aquí que o Concello non necesitaba da xurisdición contencioso-administrativa porque tiña os suficientes órganos de control, xurídicos, técnicos, de que todo o que se facía aquí se facía legalmente, pregúntolle ao Sr. alcalde se tamén este encadenamento de contratos lle informaron que era legal, se coñece que irregular e ilegal e se coñece as consecuencias de encadenar contratos menores, que poden ser incluso nulos de pleno dereito a parte doutras consecuencias se se demostrase intencionalidade ou mala fe. Ademais comprobei hoxe que concretamente estes tres contratos non se publicaron na plataforma de contratos nin no ano pasado nin neste ano, terá que explicarnos porque, porque si hai outros publicados pero estes tres non.

4. Mañá fai quince días que os veciños de Fonte Rosas demos un aviso de que un pino que caeu polo temporal, de propiedade municipal o pino, está cortando unha pista, porque en quince días os servizos municipais non tiveron tempo de ir retirar ese pino da pista?

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Recibín o venres pasado un documento co avance borrador do traballo do inventario de camiños que non estudei aínda.

2. O alcalde descoñece o precepto legal ao que fai referencia o voceiro do Grupo municipal do PP.

3. Non teño informe de ilegalidade algunha ao respecto.

4. Se iso é as, debería estar retirado, e farase a maior brevidade posible.

No turno de preguntas do grupo municipal do BNG, o Sr. Xoan Louzao, formula as seguintes:

1. Respecto das facturas pendentes de pagar a empresa Trastambre do ano 2023 polos servizos de augas que trouxera aquí, e que o Concello pasoulle aos servizos xurídicos da Deputación o expediente. A pregunta é se a Deputación contestou e se o fixo en que términos. A quen lle corresponde pagar, se están ou non pagadas as facturas e se a empresa que fixo o servizo fixo algún requirimento ao Concello, se non se pagou.

2. Respecto das facturas do ano 2024 que si pagou o Concello pero lle fixo un requirimento á concesionaria, e tamén lle deu traslado aos servizos xurídicos da Deputación. Pregunto se a Deputación contestou neste caso a quen lle correspondería pagar, se a empresa fixo algún tipo de resposta respecto do requirimento que lle fixo o Concello ou non.

3. Respecto do expediente de danos que se abriu a empresa que executou a obra de Mellora de abastecemento de auga en Fonte Díaz, que nos fixo perder corenta e un mil euros de subvención. Enterámonos hai un mes que segundo o informe do director de obras, o retraso non era directamente imputable ao contratista, e iso sábese cando aínda estaba en plazo e o Concello sen embargo abriu igual o procedemento, pedíalle corenta e un mil euros euros por danos e xa rebaixou as expectativas a nove mil euros, polo que se deduce que houbo unha clara incompetencia por parte do Concello e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

esa incompetencia disimulouse abríndolle un expediente a empresa. A pregunta é se a empresa pagou.

4. En outubro de 2024, houbo un desbordamento do Portapego, é se nos dixo que o goberno denunciara esta situación a Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Minas, preguntamos se houbo algunha resposta ao respecto.

5. Unha pregunta nesta parte non dispositiva, senón de control, como di o Sr. alcalde, porque é unha pregunta-reflexión, porque non atendeu ao requirimento que fixo o Bloque, o rogo que fixo no pleno pasado, se instaba a sacar un bando para animar a veciñanza a participar na manifestación que houbo o pasado vinte e dous de marzo na Pobra contra as agresións ao río Ulla e o Concello non fixo absolutamente nada, cal é a razón pola cal este Concello agachouse e opoñeuse a calquer tipo de iniciativa cando outros concellos que non están tan directamente afectados, si o fixeron.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Non recibimos informe dos servizos xurídicos da Deputación, a empresa non fixo ningún tipo de reclamación formal nin requirimento ao Concello.

2. Non recibimos informe dos servizos xurídicos da Deputación.

3. A empresa expedientada e sancionada, pagou.

4. Respecto daquelas denuncias por verquidos do Portapego por arrastres da mina que se trasladaron tanto a Augas de Galicia como a Minas, Augas de Galicia dou resposta coa incoación dun expediente sancionador e Minas non respostou.

5. Respecto da manifestación na Pobra, e de Altri e da Mina, pode retorcer o relato o que queira, o posicionamento deste goberno ao respecto máis alá de ruído e letreiros, que son necesarios, que e pouco máis que o que pode facer a oposición, dende o goberno con responsabilidade foi presentar as alegacións nos prazos pertinentes, e máis fundadas que as dalgúns concellos que están alí directamente afectados. Respecto da mina, outro tanto do mesmo, pode ser quen crea que poñer unha pancarta ou un letreiro poda ter certo valor resolutivo, si algún ten, moi relativo. Entendemos que dende quen ten o poder, neste caso o goberno municipal, exércese doutras formas, que a oposición non ten capacidade, que é mediante a presentación de alegacións, contratar a empresas para que asesoren á veciñanza e nesa liña estamos e xa adianto que o traballo da empresa que foi contratada non acabou pese a que non esté activo ningún procedemento de alegacións ou presentación de informes, senón que continúa a disposición da veciñanza cando o necesite.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.26 horas do 10 de abril de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

CVD: NzMnCYgjFIdnq4hgGxVp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.